


PONFERRADA > O BARCO DE VALDEORRAS

53,5 km / 262,5 km a Santiago


- A nosa ruta comeza en Ponferrada, nun traxecto paralelo ao río Boeza, que mestura aquí as súas augas co Sil. Seguindo o sendeiro, nun suave ascenso, pasamos por Toral de Merayo, Villalibre de la Jurisdicción e despois Santalla. Pasado Santalla chegamos á ermida de Ntra. Sra. del Carmen. Desde aquí, dúas posibles alternativas que conflúen na baixada da fortaleza de Comatel, en Alto de Ferreiros. A partir deste punto, un descenso continuado ata Las Médulas, nunha paisaxe de espectaculares formas e cores: Las Médulas, restos dunha grande explotación de ouro dos romanos, declaradas hoxe Patrimonio Mundial. Atopámonos na comarca do Bierzo (León), fronteira con Galicia pola provincia de Ourense.



O BARCO DE VALDEORRAS > A RÚA

13,4 km / 209 km a Santiago


- Saímos do Barco pola antiga estrada en dirección á Proba, entre a Nacional 120 e o río Sil. Despois continuamos cara a Arcos. Debemos cruzar a vía do ferrocarril por un paso elevado e entramos xa en Vilamartín de Valdeorras. Aquí pasamos pola antiga ponte da Rodeleira, sobre un arrio semiculto. Continuamos polo paseo de Vilamartín, seguindo o curso do río. Esta vila, situada no val central da bicbarra de Valdeorras, conta con abondosas covas escavadas na súa ladeira e sobre as que se levantaron as casas. Moitas son restos de escavacións romanas de extracción de ouro convertidas hoxe en bodegas.



A RÚA > QUIROGA

26,5 km / 195,6 km a Santiago

- Saímos da vila da Rúa pola estrada vella, a OU-933. Seguimos o trazado dunha antiga calzada romana. O primeiro núcleo é a aldea de Albaredos, xa na provincia de Lugo. Baixaremos ao río por un camiño de terra e axiña alcanzamos a vila de Montefurado, de gran sona polo seu túnel romano afuracado na rocha, unha das obras de enxeñería romana máis grandiosas da Península Ibérica. Atravesamos a vila de Montefurado, pasando pola súa igrexa de San Miguel, e chegamos ao Ermiñón. As vistas ao río Sil seguen a ser unha bela constante nestes tramos. E os campos de oliveiras, figueiras e nogueiras. Os seguintes destinos son A Venda Vella –restos de vi-



Parque natural da Serra da Enciña da Lastra, Rubiá

Continuamos polo coñecido como Camiño Real cara a Puente de Domingo Flórez, aínda na provincia de León. O suave ascenso ata o alto de Pedrices brindaranos unha magnífica panorámica da contorna das Médulas, que deixamos atrás.

A chegada a esta última vila leonesa culmina unha baixa pronunciada, de atractivas paisaxes e agradable soidade. Entramos no núcleo pola Calle Real e dirixímonos á praza central. Á saída de Puente de Domingo Flórez cruzaremos o río Sil en dirección a Quereño. Atravesamos esta vila e seguimos cara a Galicia pola marxe dereita do río Sil, un tramo que nos levará por Pumares –xa no concello ourensán de Carballeda de Valdeorras–, Sobradoelo, Entoma e, finalmente, O Barco de Valdeorras.

Unha alternativa a esta ruta –serán 14 quilómetros máis– é desviarse en Quereño á dereita e atravesar a Serra da Lastra (Rubiá), un magnífico e atípico acifeiral. Ambas as posibilidades xuntaríanse no Barco de Valdeorras.

QUE VER

A paisaxe de **Las Médulas**, na comarca do Bierzo (León), fronteiriza con Galicia. Restos dunha antiga e importantísima explotación mineira de ouro da época romana. En Puente de Domingo Flórez, **Centro de Interpretación de Las Médulas**. As paisaxes da ribeira do Sil e as explotacións da **industria da lousa**. A **Pontenova de Sobradoelo** (ss. XVI e XVII). A entrada de **Entoma**, restos de explotacións auríferas romanas. No Barco, a **Casa Grande de Vilaira** (s. XVII), o **paseo do río**. A 1 km, o **alto do Castro** e a 3 km, a **igreja románica de San Miguel de Xagoaza** (s. XIII). O acifeiral da serra da Lastra e os viños con **D. O. Valdeorras**.

QUIROGA > MONFORTE DE LEMOS

35,2 km / 169,1 km a Santiago

Colexio da Nosa Señora da Antiga, Monforte de Lemos

- Saímos de Quiroga pola marxe dereita do Sil (pódese ir tamén por San Clodio, Ribas de Sil, e atravesar a ponte máis adiante para volver á ruta). Pasamos polo núcleo de Espandariz (estrada N-120) e polo Pontido. Cruzamos San Lourenzo de Necedo. A ruta continúa por tramos da estrada provincial LU-933.


Chegamos á ermida dos Remedios e imos descendendo ao curso do río Lor a través do núcleo do Carballo de Lor. O río, que baixa cristallino desde a serra do Courel, regálanos o seu avance serpenteante, encaixado no val. Cruzámolo por unha magnífica ponte medieval.



QUE VER

A **praia fluvial de San Clodio**. A **capela dos Remedios** (s. XVII), unha pequena ermida solitaria entre montañas. A **ponte sobre o río Lor**, de orixe romana, pero reformada nos séculos XIV e XV. **Igrexa de Santa Mariña**, barroca. **Igrexa de Santiago de Castroncelos** (orixinalia do século XIII). En Cereixa (Brollón) **igreja e cruceiro** de San Pedro. En **Monforte**: **Igrexa de Santa María de Rozavales**, **San Vicente do Pino**, mosteiro –hoxe, **parador de turismo**–, torre e murallas; o **Museo de Arte Sacra de Santa Clara**, o **Colexio da Nosa Señora da Antiga** –con obras de El Greco ou de Andrea del Sarto–, o **Museo do Ferrocarril**, o **Museo do Viño** e o **Centro de Interpretación da Ribeira Sacra**.

Un brusco ascenso ata o alto da Serra e o monte Moncái intérmalos no municipio de Monforte de Lemos. Pasamos por Reigada –topónimo que fai referencia aos regadíos de toda esta zona– e camiñamos paralelos ao río Seco. Entramos en Monforte de Lemos pola rúa As Cruces, para continuar polo paseo fluvial ata a ponte medieval sobre o río Cabe.



MONFORTE DE LEMOS > CHANTADA

30,9 km / 133,9 km a Santiago

Belesar, O Saviñao Chantada

- Saímos de Monforte pola ponte medieval, o Campo de Santo Antonio e a antiga rúa Abeledos. Alternamos tramos de estrada (a LU-P-3204) con camiños. Chegamos á Vide e despois á Lagoa, Os Campos e Pacios. Na época de choivas hai inundacións parciais adolto destes tramos, completamente chairros.


Despois de Moreda (o seu castro elévase á dereita) entramos no concello de Pantón. No Reguengo sorpréndenos o seu magnífico pazo; en Castrotaiña, as pedras do camiño, quizais procedentes dunha calzada romana; en Piñeiro, a súa arquitectura popular de praza, fonte e lavadouro; en San Vicente de Castillón, máis restos romanos. Seguimos acubillados polas

grandes sombras dos carballos e avanzamos por O Outeriño, Viris, O Camiño Grande –xa en terras de O Saviñao–, A Barxa, cruzamos o núcleo de Rendal, e logo –entre outras aldeas– descendemos ata Diomondi, onde impresiona o románico da súa igrexa.

Baixamos ata a ponte de Belesar sobre o Miño. Acompañados polos socalos, os viñedos pendurados en bancais. Entramos en Belesar, onde houbo un antigo hospital. Chegamos a San Pedro de Lincora –xa no concello de Chantada, tamén con hospital na Idade Media–, camiñamos entre magníficas vistas do río e chegamos a Chantada polo barrio da Ponte e pola señorial rúa Dous de Maio.

QUE VER

As **casas da rúa Abeledos** (Monforte), que conservan os seus antigos corredores de madeira. A **igreja románica de San Salvador de Moreda**, que pertencen á Orde de San Xoán de Xerusalén. O **pazo do Reguengo**, en Pantón (ss. XVII-XIX). No Saviñao, o **Museo Etnográfico de Arxeriz** ou a **igreja románica de San Martiño da Cova**. A **igreja**, tamén románica, de **San Paio de Diomondi**. Desde Belesar pódese viaxar en **catamarán** polo río Miño. O **peto de ánimas** (s. XVIII) ao pé do Camiño, despois de Belesar. En Chantada, os **viñedos en bancais** e as **bodegas**, a **igreja románica de San Salvador de Asma** e o seu **centro histórico**.



CHANTADA > RODEIRO

25,7 km / 103 km a Santiago

Monte Faro, Chantada-Rodeiro

- Saímos de Chantada desde a praza de Santa Ana, subimos pola rúa Uxío Novoneyra e seguimos a estrada LU-P-1809. Belos hórreos, petos de ánimas e cruceiros saen ao paso camiño de Centulle e San Xurxo de Asma, xunto a magníficos exemplares de carballos e castiñeiros. Cruzamos A Lucenza, despois Vilaseco e Penasillás. Ante nós, o cume do monte Faro.


Se decidimos subir ao monte pasamos por Chao de Seixas. Un desvío á esquerda lévanos –a través dun viacrucis polo que se coñece como Camiño da Virxe– á celebre ermida da Nosa Señora do Faro. Estamos a máis de 1.100 m de altitude. A vista desde aquí é única, pois abrangue paisaxes das catro provincias galegas.

Se non queremos subir ao monte proseguimos o camiño, agora xa en descenso cara á Casa Grande de Camba. Despois continuamos polo val da Ermida ata Río. A compañía do bosque autóctono máis típico de Galicia –carballos, castiñeiros e salgueiros– enriquece a nosa peregrinación.

Seguimos ata Mouriz, agora a través de sendas chairras de pedras, e axiña rematamos esta etapa en Rodeiro, onde nos atopamos coa casa consistorial, que foi levantada sobre as ruínas dunha fortaleza. Fronte a ela, unha bela e refrescante fonte de pedra e catro canos.

QUE VER

En **Penasillás**, a súa **capela**, os seus **petos de ánimas** –lugares onde o camiñante ofrece esmola polos defuntos–, **pazo e forno comunal**. O **santuario da Nosa Señora do Faro**, antiquísima devoción á Virxe que se remonta aos primeiros tempos do cristianismo. A capela é do século XVII. Con romaría cada 8 de setembro. O **pazo e igrexa de Camba**: pertencen á familia dos Churruchaos, nobres do Deza (s. XIV) e serviu de acubillo a peregrinos. En Río, os xerúns **pendellos** ou alpendres, baixo os que se celebran as feiras. En Rodeiro, a **igreja de San Vicente** e a **casa do concello/fortaleza**.



RODEIRO > BENDOIRO (LALÍN)

26,8 km / 77,3 km a Santiago

Paseo do río Pontifías, Lalín


- Desde Rodeiro continuamos pola PO-533 en dirección a Lalín. Pasamos pola ponte do Hospital sobre o río Arneiro, onde o topónimo lembra a histórica presenza dun hospital de peregrinos. Cruzaremos varias veces este río.

Penerbosa, A Puza e A Penela son os seguintes núcleos. Terras de bos canteiros e carne excelente. Atravesamos a ponte medieval de Pedroso e o núcleo da Ponte, antigo lugar de hospedaxe, por iso é coñecido tamén como Mesón. Moitos baixos das súas vivendas aínda conservan os antepeitos ou varandas que servían de mostrador para atender os viaxeiros.

Entre castiñeiros atopamos o regato denominado Rego de Barranco. Cruzamos o núcleo de Palmaz e axiña entramos en Lalín. A vila amosa con orgullo a súa condición de ser “o quilómetro 0 de Galicia”, o centro xeográfico do país. De Lalín saímos a carón do río Pontifías, entre carballeiras, paralelos á Estrada Nacional 525. Ata desembocar na Laxe, parroquia de Bendoiro, onde o Camiño de Inverno conflúe coa Vía da Prata.

QUE VER

As **mámoas** –enterramentos funerarios con 5.000 anos de antigüidade– da **Penela**. A **igreja románica de San Xiao de Pedroso**, na **Eirexe**. A **ponte medieval de Pedroso**. En **Lalín**: a **igreja románica de San Martiño**, o museo municipal, que amosa pezas do astrónomo Ramón María Aller e unha gran colección do pintor Laxeiro. Os **pazos** da zona, como o de **Liñares** (Prado). O **paseo do río Pontifías**. A **Feira do Cocido**, en febreiro. A **igreja de Bendoiro** (ss. XVII e XVIII), e o cruceiro. En Santiago de Catasós, o **Souto de Quiroga**, formado polos castiñeiros máis altos de Europa, con exemplares de máis de 30 m.



BENDOIRO > OUTEIRO

33,8 km / 50,5 km a Santiago

Mosteiro de Carboeiro, Silleda

- Percorremos os primeiros metros pola estrada N-525. Entramos en Vilasoa e alcanzamos Prado –desde onde podemos visitar, a través dun desvío, o santuario mariano do Corpiño–. De volta ao Camiño, pasamos polo lugar da Borralla e cruzaremos máis adiante a xenuína ponte medieval de Taboada sobre o río Deza, afluente do Ulla. Ascendemos ata a parroquia de Taboada e seguidamente á poboación de Trasfontao, ata alcanzar a capital municipal, Silleda.


Silleda é unha destacada localidade do interior da provincia de Pontevedra coñecida por acoller, no seu enorme pavillón feiral, a “Semana verde de Galicia” e a feira internacional do turismo “Turisport”.

De Silleda o noso itinerario sae por camiño de terra á esquerda da N-525. O Foxo e Chapa serán os dous núcleos próximos. Seguimos ata A Bandeira, Codeseira, Piñeiro e Castrovite (municipio da Estrada).

Continúa a ruta ata Santa María de Loimil. Os Casares, As Carballas, Santo Estevo de Oca –famoso polo seu pazo, coñecido como “o Versalles galego” pola espectacularidade dos seus xardíns–, Valboa, Armois, A Calzada e A Veiga. Entra no municipio de Vedra (e con el na provincia da Coruña) pola Ponte Ulla, atravesando a canle do río Ulla por unha ponte histórica.

QUE VER

A **igreja barroca da Nosa Señora do Corpiño**, en Santa Eulalia de Losón (Lalín), concorrido santuario con romaría os días 23 e 24 de xuño. A **igreja románica de Santiago de Taboada**. En Siador (Silleda), o **santuario da Saleta** (homónimo do de Cea). Entre Silleda e Vila de Cruces, a **ferenza do Toxa**, cadro natural de máis de 30 m. As ruínas do **mosteiro de Carboeiro**. A **igreja de San Cibrao**, en Chapa. A **capela de Santa Mariña** en Castrovite, levantada sobre un castro. O **pazo de Oca**, cun dos máis importantes estanques e xardíns privados de Galicia. A **igreja románica de Santa María Madalena** da Ponte Ulla.



OUTEIRO > SANTIAGO

16,6 km a Santiago

Praza do Obradoiro, Santiago de Compostela

- Imos abandonando o concello de Vedra. Atrás, en Vilanova, moi preto da ruta, quedou a casa dun santiaguista de sona, o historiador Antonio López Ferreiro (1837-1910). Pouco despois pasamos por Rubial.

Estamos agora no municipio de Boqueixón. Un desvío conduce ao Pico Sacro, que, cos seus máis de cincocentos metros de altura, preside as paisaxes da contorna. Este monte está vinculado á tradición da *Translatio* do corpo do Apóstolo de Iria Flavia a Compostela: nas súas ladeiras disque pacían os touros bravos que os discípulos de Santiago amansaron para que conducisen o corpo santo ata o seu sarteiro.

Deixando atrás Rubial e Deseiro de Ariba, a ruta chega ao municipio de Santiago a través da localidade da Susana. Regresa uns metros a Vedra para entrar xa en Compostela polo barrio do Sar.

Logo de pasar a ponte sobre o río Sar atopámonos cun último esforzo: a dura subida pola rúa do Sar e a rúa do Castrón Douro. Ao culminala, á dereita, pasamos baixo o arco da porta de Mazarelos, a única porta en pé da antiga muralla medieval. Os últimos pasos darémolos pola praza da Universidade, rúa da Caldeirería, a praza das Praterías e praza do Obradoiro. O Camiño rematou.

QUE VER

Vedra é zona de pazos, como o de **Santa Cruz de Ribadulla**, barroco, famoso pola súa enorme plantación de camelias e bosque de oliveiras centenarias; abertos ao público. O **Pico Sacro** (530 m de altitude), coa súa capela de San Sebastián, orixinalia do s. IX; impresionantes vistas desde o alto. A **colexiata de Santa María de Sar**, románica, coas súas increíbles columnas inclinadas e os restos do seu claustro do século XII. A antiga **calzada romana** do Sar, con 400 m de trazado recuperados. A **Cidade da Cultura de Galicia**, impresionante arquitectura e deseño de Peter Eisenman, construída no alto do monte Gaiás.

